

### **Sueiro Iáñez de Parada: o personaxe:**

Personaxe crucial durante os conflictivos anos da guerra entre Pedro I “O Cruel” e Henrique II Trastámara (1366-1369), enfrontamento armado que en Galicia se prolongou durante dúas decisivas décadas (1366-1387). Señor do castelo de Parada, das fortalezas de Romai, da vila da Guarda, da Vilavella de Redondela, de Entenza, de Bouzas, Coruxo, Bembrive e outras xurisdicións e polo tanto un dos máis poderosos cabaleiros destas terras de Turonio.

Iáñez de Parada tivo ademais unha especial influencia no ámbito político e militar peninsular. Don Pedro nomeáralo Adiantado Maior de Galicia, estivo presente no consello de guerra de Monterrei, seica acompañaba a don Pedro cando foi asasinado o arcebispo de Compostela Gómez de Toledo, tamén cando recibiu en Baiona o *príncipe negro*, isto é, o *príncipe de Gales*, acompañaba o rei cando pretendeu reunir forzas en Sevilla e foi quen trouxo a Galicia a nova do asasinato de Pedro (en Montiel) pois sempre estivo ao seu lado, mesmo na hora da morte na tenda do mercenario bretón Bertrand duGuesclin (23 de marzo de 1369).

Parte da nobreza galega non reconece a Henrique e proclama rei de Galicia a Fernando I de Portugal pero Henrique logrou controlar Galicia. Derrotada a causa petrista o señor de Parada tivo que refuxiarse en Portugal e os seus bens foron confiscados e entregados ao bispo de Tui que recibe polos servizos prestados a Henrique II as “*villas e cotos e bienes sobre dichos que fueron del dicho SuerYanes*”. Posteriormente parte do seu señorío (a Cámara de Parada da que formaban parte as parroquias de Parada, Vilaza, Mañufe, Donas, Borreiros e Nigrán e os coutos de Panxón e Saiáns) foi vendido por Filipe II, en 1593, con permiso papal, á xurisdición de Baiona segundo consta no Privilexio Real conservado e exposto na casa do concello e do que o Padre García Oro ten realizado un detido estudo, aínda infortunadamente inédito. Preto da igrexa parroquial de Parada consérvase, en mal estado, a casa coñecida como de SueiroIáñez de Parada. No Monte Castelo restos da súa fortaleza.

Morto Henrique sucédelle Xoán I pero as tensións entre Castela, Portugal e Inglaterra non diminúen tendo Galicia un papel sobranceiro nas mesmas e en Xoán de Andeiro o seu principal protagonista. Xoán I será derrotado en Aljubarrota (1385). En 1372, Constanza, filla de Pedro I, casa co Duque de Lancaster, segundo fillo do rei de Inglaterra, que pretende facer valer os dereitos da súa muller á coroa. As tropas inglesas, con axuda de parte da nobreza galega e o apoio de Portugal, controlan en parte Galicia, mais rematan retirándose a Portugal (1387).

### **Aproximación á Xeira.**

Segundo Espinosa Rodríguez, a parroquia de Parada de Miñor a principio do século X coñeciábase como Parata e pertencía á igrexa de Lugo por doazón de Ordoño II. Tamén di que a mediados do XVI era cabeza de xurisdición civil e mandaba sobre Vilaza, Mañufe, Donas, Borreiros, Nigrán, Panxón e Saiáns. Coa chegada do Estado Liberal, ao amparo da nova distribución territorial do Estado impulsada por Javier de Burgos durante a rexencia de María Cristina, pasa a ser unha das sete parroquias que integran o concello constitucional de Nigrán. Hoxe percorrermola parcialmente. Empezaremos no Monte Castelo, estratéxica atalaia do Miñor, e remataremos na Casa de Parada, morada que foi de SueiroIáñez. Ao longo da camiñada veremos:

**Monte Castelo.** Neste monte existen topónimos de interese como A Sidá, no coto de máxima altura, na parroquia de Vincios; petróglifos cruciformes e reticulados, como os da estación dos Pociños, ao pé do Monte, en Vilaza; cavidades, abrigueiros e restos arqueolóxicos dun castro na Eira dos Mouros, en Parada; e outras manifestacións patrimoniais, pero, nesta ocasión, o que nos trae a este cumio lendario son os restos arqueolóxicos do castelo medieval de Santa Helena de Turonio, emprazado no Coto dos Mouros.

Na parte máis alta do outeiro pódese comprobar o achanzado artificial e algúns outros indicios arqueolóxicos das cimentacións e muros do castelo rochedo, que, documentado dende o século XII, desaparece definitivamente no XV. Con el estarán relacionados, entre outros, dous nobres feudais miñoránsdo XIV: SueiroIáñez de Parada e Vasco Pérez de Camoes, tataravó do gran Luis de Camoes, ambos os dous Señores de Turonio.

Este castelo, que chegou a ser unha das posesións dos templarios no bispado de Tui, estivo baixo señorío laico e foi xurisdición da igrexa tudense, terminará por pasar á propiedade dos Soutomaior. Está documentado que a finais do XIV Paio Sorrede de Soutomaior, que nese tempo se fará co couto de Gondomar, é o último meiriño coñecido de Turonio. Os Soutomaior reconstrúeno no XV e a mediados deste pasa ao Conde de Camiña, en tempos do bispo Diego de Muros. O castelo debeu ser derrubado polos Irmandiños ou a consecuencia da Orde Real de 1482. A través dunha executoria da Chancelariade Valladolid de 1499 sábese que o señorío soar deste castelo comprendía as freguesías de Parada, Vilaza, Camos –que incluía Chandebrito-, Nigrán, Borreiros, Donas e Mañufe.

**Parroquial de Santiago.** Segundo Ávila y La Cueva, a primeira advocación de Parada foi San Salvador cando, segundo parece, a igrexa podería ser de traza mozárabe. A actual, a dicir de Espinosa Rodríguez, data de 1182; por tanto é unha igrexa do románico final. Ten planta lineal, con nave rectangular e ábsida composta por un tramo recto rematado en cabeza semicircular. A presenza, tanto exterior como interior, é de extrema limpeza visual e gran continuidade debido á non presenza de contrafortes comoconsecuencia de ser proxectada para recibir unha cuberta a dúas augas sobre estrutura de madeira. A ábsida, máis estrita cánave, cóbrese con bóveda granítica de canón, apuntada, sobre arco faixón, rematada por casquete esférico tamén apuntado.

A nave conserva unha portada orixinal na fachada norte con tres arquivoltas rematadas en arco apuntado e abundante decoración. Da porta sur apenas quedan restos. A fachada de poñente foi reedificada a principios do XIX. Ten interese o sistema de iluminación da ábsida.

**Cruceiro de Parada.** Emprázase diante do pazo da que foi casa soar de SueiroIáñez. Foi construído en 1583, se ben o varal capitel e cruz actualmente conservados son de 1778.

**Casa de Parada.** Tamén coñecida como de SueiroIáñez, nomeado Cabaleiro por Pedro I -O Cruel, para inimigos, ou O Xusticeiro, para seguidores-, ao cal seguiu, na segunda metade do XIV, durante as loitas pola coroa de Castela co medio irmán Henrique II de Trastámara. A casa co tempo pasaría a propiedade dos Araúxo e por enlace matrimonial aos Correa, dos que nacería Lorenzo Correa Araúxo, fundador da casa Correa en Baiona, no XVIII –actual Casa do Concello-.

Hoxe o pazo está totalmente descaracterizado por mor das sucesivas divisións sucesorias e das innumerables obras a que foi sometido. Obras acometidas sen a máis mínima sensibilidade e sen ter en consideración o valor histórico e arquitectónico da peza en cuestión, feitas, sen dúbida, con responsabilidade subsidiaria por parte da Administración.

**Para saber máis sobre Parada e o seu patrimonio:**

- **CASAS Y COSAS DEL VALLE MIÑOR.** Espinosa Rodríguez, J. Vigo 1951.
- **ARCIPRESTADO DE TUI-VIGO, MIÑOR.** Fortes Palomera, A; Vega López, S. Delegación Diocesana de Patrimonio.1995.
- **HISTORIA CIVIL Y ECLESIASTICA DE LA CIUDAD DE TUY Y SU OBISPADO.** Ávila y La Cueva, F. Edición facsimilar do Consello da Cultura Galega. 1995
- **LA VIRGEN DE LA SALUD. 200 AÑOS EN EL MIÑOR.** VV.AA. Ed. Parroquia de Santiago de Parada de Miñor. 2002.
- **BAYONA Y EL ESPACIO URBANO TUDENSE EN EL SIGLO XVI.** García Oro, J. e Portela Silva, M. J. Santiago de Compostela 1995.
- **RAICES DE NIGRÁN. DENDE OS PETROGLIFOS ATA O ARCO VISIGÓTICO.** VV.AA. Concello de Nigrán 1996.
- **ARQUITECTURA ROMÁNICA EN PONTEVEDRA.** Bango Torviso, I. G. Fundación Pedro Barrie de la Maza. 1979.
- **OS MEDIEVAIS CASTELOS ROCHEDOS DE SANTA HELENA E MORGADÁNS NO VAL MIÑOR.** Garrido Rodríguez, J. Revista de Estudos Miñoranos (REM) nº 5/6. 2007.

<b>Escenarios Musicais</b>			
21 agosto xoves, 20.30	<b>Música no Val Miñor</b>	Manuel López Benito	Pazo do Conde de Gondomar

<b>As Xeiras que veñen</b>			
20 agosto mércores, 21.15	<b>Ruta marítima á costa da Suavela*</b>	Xosé Lois Vilar	Porto de Baiona
22 agosto, venres, 17.30	<b>O Gondomar do Antigo Réxime. A vila ata o século XIX</b>	Antonio Soliño	Local do IEM
27 agosto, mércores, 17.30	<b>A Fraga de Oliveira</b>	Xilberte Manso, Xosé Ramón García	Praza de Abastos de Sabarís
3 setembro, mércores, 19.30	<b>A arquitectura de Bar Bóo en Gondomar</b>	Antonio Soliño, Rosa Mouriño	Local do IEM

\*Para asistir á Ruta marítima é preciso abonar previamente a viaxe na conta do IEM (ES95 2080.5035.07.3040014164, de //ABANCA), coa palabra BARCO e o día (“Barco 20/08”) en “Concepto”. Este abono deberá ser confirmado 48 horas antes da saída por correo electrónico ([oficina@minhor.org](mailto:oficina@minhor.org)), ou teléfono (986360575), en ambos casos deixando un teléfono de contacto. Deberase dar o nome de todos os viaxeiros, e indicar se algún é menor de idade. Non se admitirá a bordo a ninguén que non cumpra estas condicións. Prezos: 12 €; Socios do IEM e menores de 12 anos, 10 €. Nestas rutas marítimas a organización resérvase o dereito de anular a saída de non acadarse o mínimo de 100 viaxeiros.

# As Xeiras do IEM

## Verán 2014

### Parada na Idade Media: Sueiro lañez

Mércores, 13 de agosto de 2014

Hora: 17,30. Saída do local do IEM

Guías:

**Antonio Soliño, Carlos Méixome**



Avda. da Feira 10, baixo  
36390 Gondomar  
Apartado de Correos 30  
Telef. 986 360 575  
[www.minhor.org](http://www.minhor.org)



**Colabora: Concello de Gondomar**